

BASES REGULADORAS

1. PRESENTACIÓN

O Obradoiro Xallas Barcala Dubra IV en colaboración co Concello de Negreira na súa labor de promoción e comercialización de servizos e establecementos hostaleiros pon en marcha a **VIII da Ruta das Tapas** como ferramenta de dinamización da oferta comercial.

2. PARTICIPANTES

Poderán participar no concurso todos aqueles establecementos de hostalaría legalmente constituídos no núcleo urbano de Negreira, previa inscrición **gratuita** no prazo e forma determinados nestas bases.

3. INSCRICIÓN

Os establecementos interesados en participar deberán **inscribirse** antes do **martes 2 de abril** a través da folla de inscrición que facilitaremos persoalmente.

4. PREZO DE VENDA

O prezo fixo de venda ao público será de **0,50 € (IVE incluído)**

5. HORARIOS

Os establecementos participantes terán as tapas á disposición do público —ata fin de existencias— durante os días de celebración do concurso, **do 3 ao 5 de maio**.

O horario establecido para servir as tapas será, **como mínimo, desde as 12:00 horas ata as 14.30 horas (pola mañá); e desde as 19:00 horas ata as 22.30 horas (pola noite)**. Esta franxa horaria poderá ser ampliada, pero en ningún caso reducida.

6. OBRIGAS DOS PARTICIPANTES

Todos os establecementos participantes están obrigados a:

- Selar, cando os clientes o soliciten, o pasaporte, logo de consumir a tapa específica do concurso e de votar.

A inscrición e participación no concurso implica a aceptación destas bases.

7. PREMIO DO PÚBLICO (para establecemento gañador)

Entre todas as tapas presentadas, escollerase o establecemento gañador segundo a puntuación acadada.

O recuento da votación dos pasaportes será **público**, terá lugar na Casa da Cultura o día mércores 8 de maio. O resultado darase a coñecer ese mesmo día durante o programa radiofónico **“Viaxa con Nós”**, a partir das 13:00h en **Radio Negreira**. Así mesmo, será difundido nas nosas RRSS.

O premio consistirá nun agasallo dun artesán local así coma unha fin de semana para dúas persoas con cea incluída.

8. PREMIO PARA O PÚBLICO PARTICIPANTE

As persoas que completen o pasaporte participarán no sorteo dunha fin de semana para dúas persoas.

O sorteo entre o público participante terá lugar nun evento final no local gañador o día venres 10 de maio.

O gañador deberá estar presente no momento do sorteo.

9. O PASAPORTE

O pasaporte ten o seu período de vixencia que será o da duración do concurso, **do 3 ao 5 de maio**, e terá que estar debidamente cuberto con todos os datos persoais que se solicitan para que sexa válido. Poderá recollerse na Casa da Cultura, no Concello ou en calquera dos establecementos adheridos ao concurso.

As persoas participantes deberán entregar o pasaporte nos locais participantes, na Casa da Cultura ou no Concello. A data límite para a entrega será o día 7 de maio de 2019 ata as 14:00 horas.

10. PUBLICIDADE

O Obradoiro Xallas Barcala Dubra IV, en colaboración co concello de Negreira, elaborará diferentes elementos de promoción (trípticos, folletos, carteis) nos que figurarán todos os establecementos participantes e que serán amplamente divulgados nas RRSS, prensa e radio.

11. DÚBIDAS, QUEIXAS E SUXESTIÓNS

Para a atención e comunicación directa cos establecementos participantes, resolver calquera incidencia ou aclarar detalles poden dirixirse á:

Obradoiro Xallas Barcala Dubra IV

Casa da Cultura
Carreira de San Mauro, 11
15830 Negreira
Tel. 643569224
obradoiroturismo2019@gmail.com
Horario: de luns a venres, de 09.00 a 14.30.



OBRADOIROS DE
EMPREGO DE GALICIA



Concello de
NEGREIRA